

## **INFORME DO VALEDOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA AO CLAUSTRO**

Mesa do Claustro, Señoras e Señores Claustrais:

Hai case dous anos, mañá cumprírase esa data, que comparecín ante o Claustro para dar conta das actividades desenvoltas pola Oficina do Valedor Universitario. A tardanza na nova comparecencia que, estatutariamente, ten que ter periodicidade anual, non é só atribuíble ao valedor, senón a unha serie de circunstancias que non a fixeron viable. É obvio, porén, que tanto o Claustro como o propio valedor temos que esforzarnos en cumprir tal disposición. Polo que a mi respecta quero iniciar a miña comparecencia coas excusas e o propósito de que non se repita esta dilación.

No tempo transcorrido desde a miña anterior comparecencia sucederon importantes acontecementos na vida da nosa universidade. Sen dúbida, o máis transcendente foi a adecuación dos plans de estudos ao coñecido como Plan de Boloña, é dicir, a homologación dos títulos que se expidan ao espazo europeo de educación superior. Naquela ocasión fixen un chamamento para que tal circunstancia se aproveitase non só para facer uns plans de estudos mellores e máis competitivos para os nosos alumnos, senón tamén para que se corruxisen certos desequilibrios e situacións indesexables, -no sentido estrito de non desexables-, que tanto as autoridades académicas como eu mesmo coñecemos sobradamente e cuxa existencia se percibía a través dalgunhas queixas chegadas á Oficina do Valedor. Teño a impresión de que esta posibilidade, talvez única, non se aproveitou por completo, como suxire a continuidade e incluso o rebrote de aspectos conflictivos nalgún centro da nosa universidade. Confío, non obstante, en que as decisións que, me consta, se adoptaron desde a Reitoría e que nestes momentos se ponderan dean os froitos desexados. Espero, igualmente, que a implantación da normativa europea mencionada se leve a cabo na súa totalidade, incluso nos aspectos relativos ao profesorado e á dirección de todos e cada un dos centros. Cando esta meta se consiga, poderase dar por completada a implantación do aludido plan Boloña que, por outra parte, xa rexe na maioría dos centros da universidade coruñesa.

O fundamento das miñas anteriores frases atópanse nas consultas e nas queixas presentadas polos diversos sectores da universidade: profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos. Como xa dixen no meu anterior informe, as decisións que se tomen neste sentido, han de ser firmes, sen concesións acomodativas de ningunha clase.

Mantense en moitas das conversas e queixas presentadas polos nosos estudantes un temor inconcibible, pero real, a posibles represalias por parte dalgúns profesores ante consultas e reclamacións. Este viciado punto de partida non axuda ao coñecemento e á oportuna resolución dalgúns dos problemas que presentan, entre os que cabe destacar situacións autoritarias, nalgún caso incluso vexatorias ante as dúbidas e dificultades que os estudos lle presentan a determinados alumnos. Fago un chamamento para que, entre todos, corriamos tales actitudes e que os alumnos reciban en todo momento a atención que merecen, así como a maior comprensión posible cara ás súas circunstancias persoais.

Como é lóxico, moitas das consultas e das queixas dos alumnos refírense ás cualificacións dos seus traballos e exames. Desde a aprobación do Consello de

Goberno, en xuño de 2006, da Normativa académica de avaliacións, de cualificacións e de reclamacións, reitero a miña petición de que se corrixa certos puntos, como aqueles que lles atribúen aos directores e aos decanos de centro competencias na revisión de exames que, ao meu xuízo, corresponden aos departamentos. Igualmente resulta rechamante que a intervención do valedor en tales asuntos, tan importantes para os estudantes, sexa algo residual, situación que non se repite noutras universidades españolas. Refírome en concreto aos títulos IV e V da dita normativa, en particular ao artigo 30 e ao 32 e seguintes. De novo, pois, insisto na miña solicitude de que se considere e se corrixa, se é o caso, a normativa que ignora, de maneira sorprendente, o valedor.

Probablemente como consecuencia da crise económica, as queixas relativas á concesión e pagamento de bolsas e axudas aos estudantes cobraron maior protagonismo que en anteriores anualidades. Nas convocatorias de bolsas, as limitacións tanto de idade, como as que afectan a quen es xa gozaron dalgunha axuda provocaron diferentes queixas, sen que a solicitude de que se revisen as condicións públicas para a súa concesión pasase dunha declaración de boas intencións por parte das vicerreitorías implicadas. Estimo oportuno que se homologuen os regulamentos e que se teñan en conta as queixas que os actuais orixinan. Igualmente, considero prioritario que os pagamentos das bolsas se produzan en tempo e forma, xa que, ás veces, prodúcense situacións angustiosas ante a necesidade que teñen os bolseiros de percibir as remuneracións correspondentes ás súas bolsas. É certo que estas e as demais axudas se pagan pero, con frecuencia, a destempo.

Mención especial merecen nestes momentos os alumnos que se atopan en diferentes países gozando, -é un dicir-, dunha bolsa Leonardo, xa que a súa situación en Italia, Irlanda e Polonia, entre outros países é insostible por dificultades diversas que repercuten sobre persoas concretas. Situacións igualmente complicadas viviron e viven os bolseiros de programas de investigación que se atopan nunha situación precaria e que ven truncada, incluso, a súa carreira investigadora. É certo que algúns destes casos superan as posibilidades da Universidade da Coruña, pero fago un chamamento ás súas autoridades para que, dentro das súas competencias, busquen e procuren nos foros axeitados unha saída xusta e solidaria con quen a pesar da súa excelencia atravesou unha complexa e angustiosa situación persoal.

Igualmente, solicítolles ás autoridades académicas, tanto da Reitoría, como dos diferentes centros que adecúen os seus edificios ás necesidades dos que padecen discapacidade física, xa que houbo algunha reclamación neste sentido e, a pesar do amparo legal que obriga a facer accesibles os centros e servizos a todos os cidadáns, non se conseguiu. Negativa que, neste caso, obrigou a renunciar a unha atención axeitada a algún dos que realizaban actividades e exercicios de recuperación. Neste aspecto preocupa ver como o problema que non se resolve, aínda que é de fácil solución e de custo reducido, pasa duns a outros, facendo bo o refrán: *uns por outros, e a casa por varrer*. En consecuencia, pídolles tanto á Xerencia da Universidade como ás Vicerreitorías que teñan que ver con este asunto, así como ás direccións e decanatos dos centros que se esforcen para que os edificios da Universidade da Coruña teñan unha accesibilidade plena.

Con perplexidade constatei que na nosa Universidade só uns poucos organismos e centrais sindicais teñen acceso ao correo electrónico do conxunto do persoal universitario, mentres que para o resto existe unha especie de censura previa que

permite ou non, ou demora o envío de comunicados de posible interese xeral. Dado que fun protagonista involuntario dun destes casos, vouno concretar máis. En outubro de 2008, un correo electrónico remitido ao persoal da Universidade cuestionaba a miña intervención, como profesor, nun concurso dunha praza, cuxa resolución definitiva acabou cunha sentenza xudicial. En tan longo e desagradable proceso, o valedor non interveu para nada e ante a interesada confusión que aquel correo provocou estimei oportuno enviar, agora si como valedor, un correo explicativo ao colectivo universitario. O meu correo foi retido durante días e non se enviou ata que se comezou a enviar de xeito persoal e interveu o secretario xeral da Universidade. Por desgraza, non é unha actuación illada e accidental, xa que teño probas de que algunhas organizacións sindicais con implantación na nosa universidade viviron unha situación similar.

Non sei se o acceso ao correo de todos os membros da Universidade da Coruña ha de estar ou non regulado, probablemente si; pero con maior contundencia reclamo a desaparición de calquera censura, que ninguén poida demorar ou manipular a difusión dunha mensaxe de posible interese xeral ou para algún colectivo universitario. Uno, pois, a miña protesta á das centrais sindicais que noutras ocasións así o expresaron ante a Xerencia, que parece atribuírse unhas competencias que non lle corresponden e que limitan o inalienable dereito á liberdade de expresión.

Igualmente é difícil de entender que os correos electrónicos de quen desempeña algún cargo ou posto na universidade estean incluídos no seu dominio como profesor ou funcionario. Cando o cargo cambie de titular é fácil que se produzan erros. Parecería lóxico que houbera dominios propios do cargo e que o cambio de titular somentes consistira no cambio de password ou clave que permita o acceso. Os meus intentos por conseguilo foron estériles, por elo fago un chamamento para que se corrixa esta peculiar situación.

Aínda que ningunha queixa chegou á Oficina do Valedor Universitario con motivo de celebracións recentes que tiveron lugar en espazos da Universidade, quero unir a miña voz á do Valedor do Pobo para solicitar que non volvan repetirse situacións desta natureza, que en nada contribúen á formación dos universitarios e parece que propiciaron un lamentable accidente de tráfico que, talvez, se puidese evitar. Aplaudo, pois, a decisión dos organizadores de poñer termo a tales celebracións, así como o compromiso do reitor e doutras autoridades académicas de non permitir no sucesivos tales actos en dependencias da Universidade.

Igualmente é de recoñecer a xestión do reitor na defensa dos intereses da Universidade da Coruña en aspectos relativos ás prácticas clínicas que estudantes de Medicina doutra universidade realizan en hospitais coruñeses. Que en Galicia exista un distrito universitario único non debe afectar, na miña opinión, á defensa dos lexítimos intereses de cada unha das universidades públicas radicadas na Comunidade Autónoma.

Igualmente destacable e motivo de satisfacción para o valedor é a consecución, tan insistentemente demandada nas miñas anteriores intervencións ante o Claustro, dunha nova localización para a Oficina. Sempre defendín que debía estar nun edificio universitario distinto ao da Reitoría, xa que a súa presenza nela podía facer pensar que se trataba dun posto máis do equipo de goberno, cando o valedor debe velar con especial coidado da a súa independencia, da que é un signo externo a propia

localización da súa oficina que, para subliñar o seu papel universitario, sí ten que estar nun edificio da Universidade.

Por fin atopouse ese lugar no Centro Universitario de Riazor, onde teñen a súa sede o Consello Social e outros organismos e oficinas que atenden o colectivo universitario. O meu agradecemento a quen se esforzou por lograr ese espazo e por axeitalo ás necesidades propias do valedor. Pouco a pouco, a institución que represento logrou unha localización idónea; un orzamento económico propio, reducido pero suficiente para o seu funcionamento; o apoio dunha secretaria, Rosa González Romero, que con profesionalidade, amabilidade e eficacia atende en primeira instancia as consultas que chegan á Oficina así como as cuestións administrativas. Neste sentido, síntome orgulloso e agradezo o apoio que as miñas peticións tiveron para facelas realidade.

Pero no meu informe non todo son parabéns, xa que outros aspectos da vida universitaria son menos prometedores e con respecto a algún só espero que se deixen de repetir ano tras ano. Unha vez máis, véxome obrigado a denunciar a falta de resposta que, con frecuencia, reciben os requirimentos que suscitan os asuntos que se formulan en e desde a Oficina do Valedor. Se non se responde en tempo e forma, a xestión entorpecese e chega a paralizarse, dilatando innecesariamente a solución e o tratamento axeitados aos temas formulados. Esta situación é, ademais, contraria ás competencias que a lexislación universitaria lle outorga ao valedor, órgano que pretende axudar a solucionar ou a mellorar os problemas que puideren xurdir na vida universitaria. Véxome, pois, na obriga de denunciar, outra vez, o incumprimento do artigo 12, punto 2 do título III do Regulamento do valedor universitario que, literalmente, di: *“Os órganos colexiados e unipersoais, así como os diversos servizos da Universidade da Coruña, deberán prestarlle a axuda necesaria para o cumprimento das súas funcións, dentro do prazo que fixe o valedor”*. Pola súa parte, o título IV, artigo 17, punto 1 di: *“Admitida a reclamación, o valedor universitario adoptará as medidas de investigación que considere necesarias para o esclarecemento dos feitos. Nestes casos dará conta do contido substancial do escrito á persoa ou ao órgano administrativo pertinentes para que no prazo de quince días hábiles, fagan as alegacións oportunas, entreguen a documentación conveniente ou comparezan para informar”*. A normativa é clara, non xera dúbidas, pero incúmprese con frecuencia.

O exposto na miña anterior comparecencia sobre este punto pode repetilo agora. O incumprimento dos prazos é xeral e tamén teño que recoñecer que por inútil cortesía non o reitero en cada escrito por supoñer que o destinatario xa o coñece e cumprirá o regulamento. A partir de agora lembrareino para que ninguén alegue descoñecemento. A Reitoría rara vez responde aos escritos que se lle envían; a Xerencia, nunca; igual que a Xunta de Persoal. Mellor balance ofrecen as vicerreitorías, algunhas contestan con relativa rapidez, pero constato con preocupación que a complexidade das competencias que cada unha ten lles permite, con certa facilidade, evadir responsabilidades e pasar os asuntos dun departamento a outro, o que impide a solución do formulado no menor tempo posible. Desta práctica tamén se queixan os alumnos con respecto a algunhas xestións que tratan de realizar persoalmente. A situación lembra, por tópica e viciada, aquel artigo de Larra: *“Vuelva usted mañana”*. Os decanatos, direccións de centros e departamentos forman un colectivo tan amplo que hai quen colaboran con interese co valedor, ata aqueles outros que, por sistema, ignoran os seus escritos. Non pretendo ironizar nin moito menos molestar a ninguén, simplemente fago unha nova chamada a colaborar co valedor na busca dunha solución idónea e rápida ás dificultades e

disfuncións que inevitablemente se producen no normal desenvolvemento da actividade universitaria.

Desde a miña anterior comparecencia, o número de casos que se aceptaron na Oficina do Valedor ata finais de setembro de 2009, é de 72; aos que cabe sumar as 42 consultas, de todo tipo de asuntos que se formulan mediante o correo electrónico. Deste modo, o total de intervencións acada as 114, aínda que non se computan as preguntas e asesoramentos solicitados por teléfono, ou ben mediante a visita á Oficina. Un número relativamente importante de consultas e de casos que chegan a presentarse por escrito evidencia unha falta de información por parte dos reclamantes, o que talvez faría desexable que desde a Reitoría e dos propios centros, así como desde as asociacións de estudantes se realizase unha campaña de información sobre os dereitos, obrigas e vías de reclamación existentes na Universidade. De se coñecer a normativa non se presentaría simultaneamente un mesmo escrito ao reitor, director ou decano de centro e ao Valedor Universitario.

Os 72 casos que, de maneira individual ou colectiva, se formalizaron na Oficina do Valedor teñen a seguinte orixe: 48 corresponden a alumnos, número que se elevaría a 52 se se sumasen a outros 4 relativos, especificamente, a cuestións relacionadas con convocatorias de bolsas e, sobre todo, ao pagamento dos importes correspondentes. O persoal de administración e de servizos presentou un total de 9 escritos, en que destacan os derivados das listaxes de agarda establecidas para arbitrar as substitucións que, indistintamente, impugnan tanto o funcionario estable, como o contratado, como os que se atopan nalgũa das listaxes existentes. Pola súa parte, o profesorado presentou 10 reclamacións ou queixas por diferentes motivos, que abarcan un amplo abanico de situacións. Finalmente, hai que engadir un caso de solicitude de mediación do valedor no conflito que xurdiu entre un estudante e uns profesores.

Sen entrar no pormenor de tales casos, que serán obxecto da memoria que se publicará e se lles remitirá aos órganos de goberno, membros do Claustro e centros da Universidade, estimo oportuno mencionar as causas máis significativas de tales reclamacións. Os estudantes quéixanse, con certa frecuencia, por cuestións relativas á validación de estudos realizados en centros doutras universidades, tanto españolas como estranxeiras; pola convocatoria e o pagamento de bolsas e outras axudas en que non sempre ten responsabilidade única a nosa universidade, por exemplo cando son bolsas e axudas ministeriais ou doutros organismos de carácter público.

Tema controvertido é a convocatoria das bolsas propias en que parece oportuno realizar cambios, como en varias ocasións lles solicitei ás vicerreitorías implicadas na súa convocatoria e concesión. Especial coidado hai que ter en que os alumnos bolseiros no estranxeiro reciban, coa periodicidade indicada nas bases, os pagamentos correspondentes para evitarlles situacións difíciles e complexas nos seus lugares de destino. Igualmente, os mestrados comezan a aparecer nas queixas dos alumnos tanto pola limitación de prazas nalgún, por exemplo, no de Capacitación para o Profesorado de Educación Secundaria, como por certas dificultades á hora de obter os títulos correspondentes.

Pola súa parte, as queixas presentadas polos PAS refírense, na súa maioría, a dificultades no posto de traballo asignado ou, sobre todo, nas substitucións e no modo de desenvolver os compromisos pactados no seu día coa Xerencia da Universidade no

funcionamento das listaxes de agarda. Este é un tema que xerou diferentes queixas dos colectivos implicados. Quizais moitas destas dificultades e reclamacións se solucionarían cun diálogo máis fluído entres os afectados e a Xerencia polas canles que se consideren axeitadas e satisfactorias. De calquera maneira, a aplicación coidadosa dos acordos existentes podería ser un primeiro paso para solucionar os conflitos. Tampouco comprendo por que non se teñen en conta casos especiais, como cando median informes médicos que aconsellan o traslado dun traballador a outro posto, ou cando a solicitude do traballador aparece nos convenios e na normativa vixentes, pero non se atende.

As queixas presentadas polo profesorado non só teñen que ver con cuestións relativas a diverxencias con outros profesores do seu mesmo ou diferente departamento ou, incluso, con situacións de aparente acoso onde imparten docencia, listaxes electorais etc., en ocasións refírense a aspectos relativos á accesibilidade dos seus centros a persoas con discapacidade física, aspecto que, a pesar de estar recollido na lexislación estatal e autonómica non sempre se cumpre.

O informe do valedor de ningún modo acusa a ninguén, límitase a expoñer e suxerir o que considera que melloraría o normal desenvolvemento da vida universitaria en todos os seus aspectos e a súa adecuación as leis, regulamentos e normas que a rexen, xa que todos debemos esforzarnos por mellorar o funcionamento da nosa universidade.

Grazas pola súa atención.

A Coruña, 16 de abril de 2010

Ramón Yzquierdo Perrín  
Valedor Universitario